



CONCELLO DE POIO

Ref: MC

(Secretaría)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS VINTE E CATRO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DÍA DOCE DE MAIO DE DOUS MIL NOVE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día doce de maio de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coa asistencia dos Concelleiros D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel A. Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D^a. Celeste Nieto García, D. Angel Moldes Martínez, D. Miguel A. Martínez Nacemento, D^a. Irene Ligeró Iglesias, D^a. Consuelo Besada Lores, D. Gregorio L. Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González; escusa a non asistencia a concelleira D^a. Luz Senra Lorenzo; actuando a Secretaria Xeral do Concello D^a. Paula Díaz Ramos e D^a. Olga Fernández Rodríguez en calidade de Interventora Municipal. Reuníronse en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3242.- RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO.- Pola Secretaria do Concello dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa reunión do 8 de maio de 2009 e que di textualmente: "Dáse conta do expediente e do escrito da Funcionaria de Carreira deste Concello de Poio D^a Videlina Franco Quintillán, de data 25 de abril de 2009 e data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio o día 29 de abril de 2009 no que, tras unha ampla exposición de antecedentes, solicita: "I. Que se revisen as citadas cantidades correspondentes ao complemento específico dos Policías Locais reseñados e se corrixa en concordancia co acordo do Pleno citado ou se aclare cales son os complementos incrementados e en que contías. II. Que se dea o mesmo tratamento para situacións exactamente iguais con respecto a certas prazas amortizadas. III. Que se indiquen, se se estableceron, cales serán os criterios a seguir para a distribución, no seu caso, da consignación existente na partida do complemento de produtividade, porque parece e que non se corresponde coa produción.". Dáse conta tamén do informe de intervención de data 4 de maio de 2009 entendendo que dita funcionaria non se acolle a ningún dos tres supostos relacionados no apartado 2º do artigo 170 do Real Decreto 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A Secretaria da Corporación presente na sesión comenta aos

asistentes a escasa claridade das peticións formuladas pola interesada canto máis o día 28 de abril de 2009 remataba o prazo de exposición ao público do expediente de modificación da relación de postos de traballo (RPT) e o 6 de maio de 2009, ó correspondente ao proxecto de orzamento xeral municipal aprobado inicialmente.

Ditas circunstancias motivaron que con data 29 de abril de 2009 se emitise Providencia da Alcaldía pola que ó abeiro do establecido no art. 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, aclarase os termos do seu escrito para os efectos de poder coñecer se se trababa dunha reclamación ao devandito expediente de modificación da relación de postos, unha petición de información ou unha reclamación ao orzamento.

Dada a necesidade de proseguir coa tramitación destes expedientes e realizando a interpretación máis garantista para a funcionaria en aplicación dun principio pro actione, o Presidente da Comisión Informativa de Facenda convoca sesión extraordinaria dando a tales peticións tratamento de auténticas reclamacións.

En relación ao presente punto da orde do día, consta informe de Secretaria de 5 de maio de 2009 no que se expón de forma motivada as consideracións xurídicas que conducen á inadmisión da reclamación presentada por carecer a interesada da necesaria lexitimación.

Engade a Secretaria que se trata ademáis dun acto firme e consentido e cómo as cantidades que se reflexan no escrito non coinciden coas aprobadas de forma definitiva polo pleno para o orzamento xeral municipal para o exercizo 2009 tal e como se desprende do anexo publicado no B.O.P. en razón á proposta do Concelleiro delegado de facenda e da concelleira delegada de persoal pola que se instaba a que en razón ás reclamacións presentadas se deixasen sen efecto os incrementos do complemento específico non so dos policía locais afectados senon tamén da propia Secretaria e da Interventora municipal.

Con data 6 de maio de 2009 ten entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Poio un novo escrito de D^a Vidolina Franco Quintillán, de data 6 de maio de 2009, polo que reitera as mesmas peticións feitas con data 28 de abril e reconduce a terceira delas ao Decreto de asignación de produtividade pola Alcaldía a diversos funcionarios e funcionarias do Concello.

A Concelleira D^a Celeste Nieto García pregunta se o Complemento Específico que reciben os Policía Locais no Orzamento do ano 2008 era de 4.883,60 € ou de 6.260,47 €.

A Interventora Municipal contéstalle que o Complemento Específico é o de 4.883,60 €.

A Concelleira D^a Celeste Nieto García pregunta con relación ao escrito presentado, pola funcionaria, con data 6 de maio de 2009 e máis concretamente no seu apartado 3º onde mistura o Orzamento do 2008 e do 2009, se está presentada en prazo.

A Secretaria volve a aclarar que de conformidade co seu informe que nin ten lexitimación para impugnar o expediente de modificación

da relación de postos de traballo que acompañou ao orzamento xeral de 2008 nin o propio orzamento de dito ano e o seu anexo de persoal tal e como se xustificaba nos informes que se incorporaron a tales expedientes.

Non existe unha acción pública equiparable á prevista na normativa urbanística, incidindo de novo en que se trata de actos firmes e consentidos así como na falta de adecuación das cantidades sinaladas pola interesada e as comentadas pola Intervención e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

En canto á amortización de prazas, o proceso afecta ás creadas inicialmente polo pleno en sesión ordinaria celebrada en novembro de 2008 na súa totalidade sen distinción ningunha.

A Concelleira D^a Celeste Nieto García manifesta que o seu Grupo Político adhírese aos informes das dúas técnicas e polo tanto a inadmisión das reclamacións.

Sometido á votación ordinaria e polo voto favorable dos sete membros presentes, a Comisión adoptou o ditame seguinte:

Primeiro.- Inadmitir a trámite a reclamación presentada por D^a Vidolina Franco Quintillán en relación ó incremento do complemento específico dos policía locais reseñadas no seu escrito de 28 de abril e 6 de maio de 2009, tal e como se recolleron no acordo adoptado polo Pleno en sesión ordinaria celebrada en abril de 2009 e no anexo de persoal que forma parte do orzamento xeral municipal do exercizo 2008.

Segunda.- Dar conta á interesada con indicación do réxime de recursos.

Terceiro.- Dar traslado do acordo que así se adopte polo Pleno ao departamento de persoal para a publicación do expediente de modificación da relación de postos de traballo."

3243.- RESOLUCIÓN RECLAMACIÓN AO ORZAMENTO XERAL MUNICIPAL 2009.- Pola Secretaria do Concello dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa reunión do 8 de maio de 2009 e que di textualmente: "Dáse conta do expediente e de conformidade co xa manifestado por Secretaría no punto primeiro da orde do día sobre o escrito presentado por D^a Vidolina Franco Quintillán con data 28 de abril de 2009, dáse conta igualmente da reclamación presentada contra o orzamento xeral municipal para o exercizo 2009 en relación ós importes destinados a retribuír a produtividade de funcionarios.

Así mesmo ponse en coñecemento dos asistentes cómo no escrito de aclaración presentado pola interesada o 6 de maio de 2009 queda reflexado a súa verdadeira intención de deixar constancia da súa oposición ao Decreto da Alcaldía de 21 de abril de 2009 de asignación de produtividade a determinados funcionarios.

Polo que se lamenta a perda de tempo e traballo de todo o persoal afectado por un escrito no que non se motivou adecuadamente a mera intención de dar a coñecer a opinión dunha funcionaria sobre o

rendimento doutros compañeiros e compañeiras.

Desta forma, en votación ordinaria e polo voto favorable dos sete membros presentes, a Comisión adoptou o ditame seguinte:

Primeiro.- Inadmitir o escrito presentado por D^a Videlina Franco Quintillán de data 28 de abril de 2009 de conformidade co informe de Intervención e o escrito da interesada do 6 de maio de 2009.

Segunda.- Dar conta á interesada con indicación do réxime de recursos.

Terceiro.- Dar traslado do acordo que así se adopte polo Pleno ao Departamento de Intervención para a publicación do orzamento xeral municipal para o exercizo 2009.”

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás trece horas e cincuenta minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretaria, dou fe.